

2º DE PRIMARIA. INGLÉS

Semana 13/04/2020-17/04/2020

Repaso Tema 2: FACE (A CARA)

NOTA DIDÁCTICA PARA A FAMILIA

*Nesta proposta un adulto (ou irmán maior) exerce de guía para axudarlles a ler as instrucións. Un nivel básico de Inglés sería recomendable para dirixir a lección.

Dende o comenzo do confinamento, xa repasamos o tema 1, vocabulario básico de rutinas e celebramos tres festividades: Carnival, Saint Patrick's day e o Easter.

Antes de comezar a traballar os contidos correspondentes á 3º avaliación, seguiremos repasando os temas 2, 3 e 4 nas vindeiras semanas. Deste xeito, o alumnado seguirá habituándose a teletraballar coa asignatura de Inglés con contidos que lle resultan familiares e asentará o coñecemento dos mesmos cando se enfrente aos temas novos (5 e 6) Entendemos que nestas idades a aprendizaxe da lingua debe ser significativa e entenderse coma unha aprendizaxe continua, de aí que optemos por seguir con esta estrutura de traballo.

Esta proposta didáctica é flexible; ten unha duración de 100 minutos aproximadamente, e polo tanto poden personalizala ao seu gusto, impartíndoa en varias sesións ao longo da semana, nunha soa...Ademais, engádense unhas actividades extra, por se queren seguir traballando.

Polas características propias dos nenos en 2º de Primaria, trátanse sobre todo de actividades de recepción e expresión oral, de resposta física. Haberá tamén un achegamento á parte escrita da lingua, introducindo vocabulario e estruturas gramaticais sinxelas.

Aconsellamos o emprego de tablet ou ordeador, pero tamén se poden visualizar os contidos a través do móbil.

LECCIÓN : FACE (A cara)

Repasaremos o vocabulario específico sobre partes do rostro e outro vocabulario mais básico (cores, números...) Ademais, repasaremos as estruturas gramaticais da Unidade 2.

1. LET'S START! DAILY ROUTINES (RUTINAS)

-Saúdo. Comezamos saudando ao alumno/a. "Hello, How are you? Fine? Fantastic!..." "How was the Easter holidays", "Did you get some Easter eggs? " "Great!"...

Agora o alumno pode cantar a canción nº 2 de benvinda xesticulando, tal e como faciamos na clase. "Hello, hello, how are you? I' m fine, Thank you! "

-Rutina do tempo. Canción das estacións: Seasons of the year

Sinalando a xanela.

" What's the weather like, today?" (Que mire pola xanela)

"It's sunny/cloudy/raining/windy/cold/hot" (pode facer xestos)

Escoitar a canción atentamente e intentar reproducir o estribillo.

<https://youtu.be/8ZjpI6fgYSY2>

2. FACE VOCABULARY. LISTEN AND REPEAT(VOCABULARIO)

Comezamos repasando vocabulario relativo ás partes da cara con unha presentación do mesmo en youtube. O alumnado ten que escoitar atentamente e sinalar a parte correspondente no seu propio rostro.

Volver a velo e repetir as palabras ao ritmo da canción.

<https://youtu.be/RhrEK6jZA6w>

3. "I SPY, I SPY..." XOGO DE IDENTIFICACION DE PARTES DA CARA (VEXO, VEXO)

PARTES: EYE/S NOSE, MOUTH, EAR/S, HAIR, HEAD, TONGUE, TOOTH, TEETH...

Dicirlle: I SPY, I SPY WITH MY LITTLE EYE... A NOSE!

Tratarán de sinalalo. Preguntarlle:" Is it/are there big/small/short/long/?" Yes, they are long! Very good... "

4. STORYTIME: NEON, THE FISH (CONTO)

Escoitan e visualizan o conto.

https://youtu.be/K95g_CnmUAA

5. MIMING. REPRESENTACIÓN DO VIDEO. PRODUCCIÓN ORAL

Nunha segunda visualización, o alumnado pode facer uso da mímica e repetición oral tratando de imitar xestos, bailes e diálogos nas diferentes partes.

https://youtu.be/K95g_CnmUAA

6. COLOURING WORKSHEET. Fichas para traballar e colorear

Tres opcións:

-Ficha para imprimir

Engadimos unha ligazón para descargar un debuxo e colorealo. Trátase dunha máscara da cultura Maia. Etiquetar as partes do corpo mais importantes.

http://www.supercoloring.com/sites/default/files/styles/coloring_full/public/cif/2015/11/mayan-face-mask-coloring-page.png

-Ficha de colorear online

Máscara maia para colorear online.

<http://www.supercoloring.com/coloring-pages/mayan-face-mask?colore=online>

-Debuxa unha máscara de inspiración maia.

-Ten que debuxar unha máscara de inspiración maia nun folio branco.As partes da cara básicas deben ser etiquetadas. Colorealo. Intentar que diga as cores en inglés. "Look, it's a mask" " It's black, white, pink...", "It's got big ears , small eyes"...

*Opción de creala con plastilina.

7. WASH YOUR HANDS! EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Visualización da canción 'Wash your hands'

<https://youtu.be/evXG5HuwIn0>

Lémbrate de lavar as mans despois de empregar o ordenador, móbil, debuxar....It's very important!

OK... TIME TO FINISH! BYE-BYE, CHILDREN!

TEACHER PATRI 😊

*

*

*

*

*

*

***WOULD YOU LIKE MORE? IF YOU WANT TO KEEP WORKING WITH ENGLISH, YOU CAN...**

... WATCH THIS VIDEO:

<https://youtu.be/h4eueDYPTIg>

Divertido video con partes da cara mais específicas. Trátase de que o alumnado escoite atentamente como se din en inglés. Nunha segunda fase do video, terán que dicir en alto o nome da parte cando se lles pregunte.

... PLAY ONLINE AT:

https://elt.oup.com/student/oupeprimary/gameszone/levels_1_2/double-trouble?cc=global&selLanguage=en

“Memory game” con repaso das partes do corpo e outro vocabulario de repaso.

OR DO THESE WORKSHEETS:

<https://webramiroangles.blogspot.com/2017/06/big-surprise-worksheets.html?m=1>

(Só para alumnos que podan imprimir fichas)

Ir ao pdf de BIG SURPRISE 2. Descargar as páxinas do pdf correspondente á unidade 2. Recoméndase facer as páxinas 5 e 6.

SEE YOU NEXT TIME!